



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



**Estado da clasificación · LGPF 2026**

## Estado da clasificación da Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026

**Situación previa á IV Xornada · Probas pechadas e disciplinas pendentes**

### 1 OBXECTO DO DOCUMENTO

O presente documento resume o estado da Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026 antes da celebración da IV Xornada, prevista como última sede da competición.

Logo da III Xornada, celebrada o 10/05/2026 no pavillón Secundino Basalo "A Carballeira" de Ourense, danse por pechadas as disciplinas de Roller Cross, Team Speed e Salto. Polo tanto, os mellores equipos destas tres disciplinas xa quedan definidos en ambas divisións, sen prexuízo da clasificación xeral final da Liga, que se completará coa IV Xornada.

### 2 MARCO DE PUNTUACIÓN E ESTRUTURA DA LIGA

Segundo as Bases da LGPF 2026, a liga estrúcturase en probas por equipos e por xornadas. As Xornadas 1 e 3 corresponden a Roller Cross, Team Speed e Salto; as Xornadas 2 e 4 corresponden a Team Battle, Street e Derrapes.

Unha vez determinada a orde final de equipos en cada disciplina e sede, asígnanse os puntos de Liga por posición segundo o modelo establecido: 1º posto: 25 puntos; 2º posto: 18 puntos; 3º posto: 14 puntos; 4º posto: 11 puntos; 5º posto: 9 puntos. A clasificación xeral obtense pola suma dos puntos acadados en todas as disciplinas celebradas.

### 3 PROBAS XA PECHADAS TRAS A III XORNADA

As disciplinas de Roller Cross, Team Speed e Salto xa finalizaron para a tempada 2026. A continuación recóllese o ranking acumulado destas tres probas, que determina tamén a situación de partida antes das disciplinas pendentes da IV Xornada.

#### División ABSOLUTA

Equipo	Roller Cross	Speed	Salto	Total
ALQUIMIA	28	50	50	128
MEIGAS	50	36	32	118
UNITY	36	25	32	93
MEIGUIÑAS	22	25	22	69

#### División SUB 15

Equipo	Roller Cross	Speed	Salto	Total
ROLLINOS	43	43	50	136
MEIGAS	43	43	32	118
ROLLOU	28	25	29	82
MEIGUIÑAS	20	25	25	70
ALQUIMIA	18	18	18	54

### 4 MELLORES EQUIPOS XA DECIDIDOS NAS DISCIPLINAS PECHADAS

Con Roller Cross, Team Speed e Salto xa finalizadas, os seguintes equipos quedan como mellores equipos por disciplina nas probas pechadas:

División	Disciplina	Mellor equipo	Observación
ABSOLUTA	Roller Cross	MEIGAS	Maior puntuación acumulada na disciplina.
ABSOLUTA	Team Speed	ALQUIMIA	Maior puntuación acumulada na disciplina.
ABSOLUTA	Salto	ALQUIMIA	Maior puntuación acumulada na disciplina.
SUB 15	Roller Cross	ROLLINOS	Empate a 43 puntos con Meigas resolto por criterios de desempate.
SUB 15	Team Speed	MEIGAS	Empate a 43 puntos con Rollinos resolto por tempo total acumulado.
SUB 15	Salto	ROLLINOS	Maior puntuación acumulada na disciplina.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaje.ga](mailto:secretaria@fgpatinaje.ga)



### Estado da clasificación · LGPF 2026

## 5 CRITERIOS DE DESEMPATE APLICADOS

Na división SUB 15 producíronse empates relevantes en Roller Cross e Team Speed entre os equipos Rollinos e Meigas. A continuación recóllese o criterio aplicado en cada caso.

### 5.1. Roller Cross SUB 15

Rollinos e Meigas remataron a disciplina empatados a 43 puntos, dado que Rollinos obtivo 25 puntos na 1ª sede e 18 na 3ª, mentres que Meigas obtivo 18 puntos na 1ª sede e 25 na 3ª.

Aplicouse a orde de desempate prevista para Roller Cross: maior número de 1º postos; se persiste o empate, maior número de 2º postos; se persiste, maior número de 3º postos; e, finalmente, enfrontamento directo. O empate desfaisa a favor de Rollinos polo maior número de 2º postos nas carreiras disputadas.

Equipo	1º postos	2º postos	3º postos	Resultado
ROLLINOS	9	6	1	Mellor equipo Roller Cross SUB 15
MEIGAS	9	4	3	2º posto por desempate

### 5.2. Team Speed SUB 15

En Team Speed repetiuse o empate a 43 puntos entre Rollinos e Meigas. A suma das dúas sedes deixou igual número de vitorias e derrotas, e o enfrontamento directo tamén quedou equilibrado: Rollinos gañou na 1ª sede e Meigas gañou na 3ª.

Aplicouse entón o criterio de mellor tempo acumulado nos enfrontamentos directos, resultando unha diferenza mínima favorable a Meigas.

Equipo	Tempo Sede 1	Tempo Sede 3	Tempo total acumulado	Resultado
ROLLINOS	35,530 s	35,486 s	71,016 s	2º posto por desempate
MEIGAS	36,997 s	34,015 s	71,012 s	Mellor equipo Team Speed SUB 15

## 6 CLASIFICACIÓN XERAL ANTES DA IV XORNADA

A clasificación xeral provisional antes da última xornada incorpora a puntuación acumulada definitiva das disciplinas xa pechadas —Roller Cross, Speed e Salto, logo das xornadas I e III— e os resultados xa celebrados de Team Battle, Street e Derrapes na II Xornada. Na IV Xornada volverán celebrarse Team Battle, Street e Derrapes, polo que estas tres disciplinas serán as que completan a clasificación xeral final.

### División ABSOLUTA

Equipo	Roller Cross	Speed	Salto	Team Battle	Street	Derrapes	Total
ALQUIMIA	28	50	50	25	14	25	<b>192</b>
MEIGAS	50	36	32	18	18	18	<b>172</b>
UNITY	36	25	32	14	25	14	<b>146</b>
MEIGUIÑAS	22	25	22	11	11	11	<b>102</b>

### División SUB 15

Equipo	Roller Cross	Speed	Salto	Team Battle	Street	Derrapes	Total
ROLLINOS	43	43	50	14	25	25	<b>200</b>
MEIGAS	43	43	32	25	18	18	<b>179</b>
ROLLOU	28	25	29	9	14	14	<b>119</b>
MEIGUIÑAS	20	25	25	18	11	11	<b>110</b>
ALQUIMIA	18	18	18	11	9	9	<b>83</b>



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



### *Estado da clasificación · LGPF 2026*

## 8 OBSERVACIÓN FINAL

Este documento ten carácter informativo e operativo, co obxectivo de facilitar aos clubs a comprensión do estado da Liga antes da última sede e da entrega final de trofeos. Calquera corrección ou incidencia deberá ser revisada pola organización e, de ser o caso, polo Xuíz Principal ou polos órganos competentes segundo proceda.

A Coruña, 21 de maio de 2026



**Fdo. José Manuel Lago Varela**  
**Comité Galego de Patinaxe Freestyle**